

PREMIOS MESTRE MATEO 2019

(S8) 10ª MOSTRA DE CINEMA PERIFÉRICO

JOHN CASSAVETES E O "NEW AMERICAN CINEMA GROUP"

VAI E VEM. CARTA BRANCA A CHEMA PRADO (e 2)

ESENCIAIS: JAMES DEAN

A ILUSIÓN É PERFECTA: VÍCTOR RUPPEN

PENSANDO EN CINE, PENSANDO EN GALICIA: CAMILO FRANCO

DESENCADRES: STAN BRAKHAGE (35)

FÓRA DE SERIE

CGAI JÚNIOR

OFF GALICIA

XUNTA DE GALICIA

MESTRE MATEO 2019 / A ILUSIÓN É PERFECTA:
VÍCTOR RUPPÉN

En colaboración con:

Do 14 ao 16 de maio, a Academia Galega do Audiovisual en colaboración



co Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) proxectará algúns dos traballos gañadores da XVIIª edición dos Premios Mestre Mateo e homenaxeará a figura dun pioneiro do cine galego, o produtor Víctor Ruppén cunha escolla das primeiras curtametraxes galegas rodadas en 35 mm.

A Ilusión é perfecta é un ciclo de proxeccións que ten como obxectivo recuperar, reivindicar e lembrar persoas e obras que, por diversos motivos, xogaron un papel sobranceiro na historia do noso audiovisual. Nesta ocasión o ciclo está dedicado á figura do recentemente falecido Víctor Ruppen. Nado na Coruña en 1940, compaxinou a súa profesión de arquitecto técnico con outras actividades empresariais e culturais relacionadas co cinema. Participou na creación da distribuidora Musidora Films e no campo da exhibición coa creación dos cines Valle Inclán da Coruña e Santiago e mais os Alphaville en Madrid. Nos anos 70 deulle un pulo decisivo á produción de curtametraxes en formatos profesionais, co que contribuíu a consolidar e fortalecer os comezos do cine galego.

Fendetestas de Antonio Simón (1975), *Ilha* de Carlos Aurelio López Piñeiro (1975), *O Herdeiro* de Miguel Gato (1976) e *O pai de Migueliño* de Miguel Castelo (1977) son algúns dos filmes producidos por Ruppén e que conforman esta homenaxe a unha figura chave no desenvolvemento do noso cine. Precisamente como recoñecemento a ese labor foi merecedor do primeiro premio de honra que otorgou a Academia.

Desde o ano 2002 os socios e as socias da Academia escollen os traballos audiovisuais máis salientables realizados durante o ano anterior. Os premios Mestre Mateo son entregados nunha gala emitida en directo pola Televisión de Galicia. Este ano 2019, os galardoados que se proxectarán no ciclo Mestre Mateo son: *A sombra da lei* dirixida por Dani de la Torre, que ademais de mellor longametraxe tamén foi recoñecida noutras nove categorías. Luis Avilés dirixiu *Idénticas*, e alzouse co premio ao mellor documental. *A nena azul*, de Sandra Sánchez conquistou a de mellor curtametraxe e *Soy una tumba*, dirixida por Khri Cembe, a de mellor curtametraxe de animación.

Máis alá de premiar a excelencia nas producións do ano, a Academia aproveita os Mestre Mateo para recoñecer a traectoria de entidades e profesionais relevantes do audiovisual en Galicia co Premio de Honra "Fernando Rey" e co Premio Especial "José Sellier". Este ano, as homenaxes foron para a actriz Mela Casal e para a Federación de Cineclubes de Galicia.

(S8) 10ª MOSTRA DE CINEMA PERIFÉRICO

O (S8) chega xa á súa décima edición e consolídase ao longo destes anos como cita ineludible para a comunidade do cine experimental, cinéfilos e simpatizantes da vangarda. Para celebrar esta década, a selección de 2019 ábrese cunha figura fundacional do cine experimental: o británico Malcolm Le Grice. Pioneiro en campos como o cine expandido e o cine materialista/estrutural (non só no lado da creación, senón no lado da teoría e da escritura), Le Grice foi unha das cabezas da mítica London Film-makers Coop nos sesenta. Unha ousadía formal que se foi estendendo a traballos pioneiros en vídeo analóxico, en dixital e en 3D, en forma de películas, instalacións e proxectos performativos. O programa dedicado a Le Grice abranguerá mostras de todo isto a través dos dous programas de películas que se completan cunha máster class e unha noite dedicada ás súas performances en 16 mm e a pezas multipantalla nese formato na Fundación Luis Seoane.



Outro dos puntais da programación deste ano é un foco dedicado á restauración e preservación de cine experimental que congregará na Coruña a algúns dos profesionais máis interesantes deste campo. Nese sentido, Ross Lipman (*Notfilm*) presentará a súa conferencia performativa *The Exploding Digital Inevitable*, sobre a restauración de *Crossroads*, película de Bruce Conner feita con material do exército americano e musicalizada por Terry Riley, á que lle seguirá a proxección do filme de Conner restaurado. Tamén contaremos coa presenza de Bill Brand, un dos pioneiros en materia de restauración de cine experimental en formatos como o 16 mm e o súper 8 a través da súa empresa radicada en Nova York BB Optics. Poderemos ver unha proxección dos filmes de Brand, intimamente ligados ao seu labor como restaurador. Mark Toscano, responsable do traballo de preservación de películas experimentais levado a termo pola Academia do Cine de Hollywood, traerá ao CGAI unha carta branca dalgúns das súas máis brillantes obras restauradas, entre as que se inclúen nomes como Barbara Hammer, James Benning e Thom Andersen, entre outros. Un foco sobre un tema urxente que se completa cun ciclo de conferencias e unha mesa redonda.

Seguindo o ronsel da carta branca a unha distribuidora lexeñaria de cine experimental, este ano Canyon Cinema cede a testemuña a LUX London, institución que xurdiu como cooperativa hai máis de 50 anos. María Palacios Cruz, a súa actual directora, elaborou para a ocasión unha escolma de obras delicadas e significativas da colección que inclúe películas de cineastas como Margaret Tait, Luke Fowler, Manon de Boer e Laidá Lertxundi, entre outras, baixo o nome "Nothing is Something: Gestures from the Lux Collection".

A modo de celebración polo pasado e o futuro destes dez anos da Mostra, o programa *Vellos e novos amigos* (que se despreña en dúas partes) recolle dun lado traballos recentes de cineastas que pasaron pola Coruña (como Saul Levine, Naomi Uman, Jodie Mack e Stephen Broomer, por nomear uns poucos) e do outro o traballo de "novas amizades" que se incorporan este ano así ao universo (S8).

Tamén ofrecerá o (S8) unha chiscadela e homenaxe ao que foi o faro e guía desta comunidade: Jonas Mekas. E faíno mediante un programa elaborado por Andrea Franco e Javier Trigales arredor dalgúns dos cineastas cuxa carreira impulsou dun xeito ou outro Mekas. Invisible Acts recolle así traballos de artistas como Marie Menken, Robert Breer, Hollis Frampton e Jack Smith, entre outras sorpresas.

Sinias en curto, pola súa banda, vólvenos traer un ano máis unha escolla de traballos arriscados e vangardistas feitos por creadores galegos. Damos cabida tamén na programación á proxección especial dunha das películas xurdidas en 2018 en *Input*, o espazo de titorización e asesoría do (S8) e da Fundación Luis Seoane: *Reunión*, de Ilán Serruya, peza próxima ao suspense emocional co vagaroso achegamento dun pai e dun fillo na illa da Reunión, que tivo a súa estrea no festival Doc Lisboa.

Agradecementos: Malcolm Le Grice, Ross Lipman, Bill Brand, María Palacios, Mark Toscano, Andrea Franco, Javier Trigales, Ilán Serruya, Saul Levine, Valentina Alvarado, Janie Geiser, Deb Todd, Bruno Delgado Ramo, Naomi Uman, Jeanette Muñoz, Stephen Broomer, Jodie Mack, Malena Szlam, Dan Browne, Jacques Perconte, Gonzalo de Pedro, Ana Estévez, Acción Cultural Española, LUX London, Academy Film Archive, Canyon Cinema, Light Cone, Arsenal, Fundación Luis Seoane, Chanfaina LAB.

JOHN CASSAVETES E O "NEW AMERICAN CINEMA GROUP"

En colaboración con:

FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE

FILMADRID

"(...) as pequenas, bravas e imperfectas películas de [John] Cassavetes constitúen todo un modelo alternativo de cine americano. Máis aínda: son a proba de que se pode escapar ao destrutivo soño americano do éxito e do diñeiro; aos directores de

Hollywood enleados no *Sistema* que suspiran por facer un cine persoal, demostroulles que era posible conseguilo, mais moi poucos (Sayles, Altman) seguiron o seu camiño. (...) Tras graduarse na New York Academy of Dramatic Arts en 1950, dirixe un obradoiro do método para actores desempregados e comeza a actuar en cine e televisión a partir de 1952, co que logra certa sona no papel titular da serie *Johnny Staccato* (1959-60). Para daquela xa está mergullado na rodaxe de *Shadows*, froito dunha improvisación colectiva do grupo de actores dun dos seus obradoiros e homologable tanto cos novos cines europeos que daquela están xurdindo (un exemplo de *timing* histórico) coma co novo cine experimental americano. Jonas Mekas, o seu profeta, *desautoriza* a segunda versión, máis curta, máis narrativa?, que monta Cassavetes (...). Os premios e a resonancia de *Shadows* fan que reciba a chamada de Hollywood, da que emerxe escaldado para inaugurar con *Faces* o xenuíno funcionamento do seu cine de madurez. Esta película de laborioso proceso de rodaxe (catro anos) describe a crónica de trinta e seis horas na vida dunha parella da clase media que ten cadansúa relación extramarital: véndoa (e é sen dúbida a máis fermosa da súa feista obra) comprendemos ata que punto se falsean as relacións humanas nas demais películas, ata que punto están "actuadas" sen chegar ao límite do amor, da dor e do ridículo, ata que punto aos demais actores se lles pide seren cautelosos. O método Cassavetes, que aplica a toda a súa obra posterior, non é descoidado nin mostra un fetichismo pola metraje bruta, do que ás veces foi acusado: a súa aparencia improvisada é unha simulación e a idolatría polos actores revélase na súa preferencia por dar ao seu cine a textura dun *ensaio xeral*, sacrificando o acabado (...) para documentar o percorrido emocional dos seus intérpretes. Unha fermosa metáfora desta actitude contense nas escenas finais de *Opening Night*: a obra de teatro que preparan os seus protagonistas só funciona cando se esquecen do texto e se poñen a improvisar, dramatizando ante o público o seu conflito interno. Para facer aflorar a verdade interior dos seus personaxes, Cassavetes favorece condutas estrañas, momentos de crises, bruscas mudanzas de rexistro: a bebedeira de *Maridos*, o desequilibrio dos personaxes de Gena Rowlands (magnífica actriz secuestrada polo seu marido para as súas películas) nunha non igualada triloxía sobre a loucura de muller: *Una mujer bajo la influencia*, *Opening Night* e *Corrientes de amor*, onde aparece crepuscular e fisicamente mirrado (xa estaba doente) o propio Cassavetes no que sería o seu último psicodrama mestre. Logo, se cadra por facerlle un favor ao seu compadre Peter Falk, fariase cargo da rodaxe da liviá e decididamente pouco testamentaria *Big Trouble* (1986); mais é mellor pechar a súa obra con ese momento de *Corrientes de amor* onde queda mirando á cámara que se afasta del trazando un movemento de retroceso..."

Antonio Wenrichter, "John Cassavetes", en Antonio Weinrichter e Roberto Cueto, *Dentro y fuera de Hollywood. La tradición independiente en el cine americano*. Festival Internacional de Cine de Gijón, IVAC-La Filmoteca, CGAI, Filmoteca Española, Filmoteca de Andalucía, 2004, pp. 439-440.

O ciclo *John Cassavetes* e o *New American Cinema Group* abrangue nove películas de John Cassavetes, as esenciais e máis persoais da súa filmografía, e tres sesións de curtas e longametraxes do ciclo sobre o *New American Cinema Group* organizado por Filmadrid e comisariado por Olaf Möller.

Agradecementos: Olaf Möller, Javier H. Estrada, Fernando Vélchez/Filmadrid; Avalon Distribución; Baños Films; Park Circus; MM Serra/The Film-Maker's Cooperative; Lux Distribution; Carmen Accaputo/Cineteca di Bologna.

.....

Outros agradecementos: Chema Prado, Cinémathèque Royale de Belgique, Vidéo Mercury, Caetano Veloso, The Museum of Fine Arts (Houston), Francisco Hoyos; Ángel Filgueira, Anxos Fazáns, Jesús Sú, Asociación ORCO-Orgullo Coruña, Facundo Vallejos Yunes, Daniel Suárez Rubini; Zeitun Films; Alberto Gracia; Antón Reixa, Camilo Franco, Filmanova.

TOUR DA

MARTES



Mai. **07**

18 e 20.30h.
Fóra de serie
HIGH LIFE
Claire Denis, 2018
113'. DCP. Subt. Castelán.



Mai. **14**

20.30h.
A ilusión é perfecta: Víctor Ruppén
Fendetestas (Antonio Simón, 1975)
Illa (Carlos A. López Piñeiro, 1975)
O herdeiro (Miguel Gato, 1976)
O pai de Migueliño (Miguel Castelo, 1977)
77'. 35mm/16mm. Presentación.
Entrada de balde.

Mai. **21**

19.30h
Fóra de serie/Tour D'A
NUESTRO TIEMPO
Carlos Reygadas, 2018
173'. DCP

Mai. **28**

18 e 20.30h.
Fóra de serie/Tour D'A
RAY & LIZ
Richard Billingham, 2018
108'. DCP. Subt. Castelán.

Xuñ. **04**

18h.
(S8)
REUNIÓN
Ilán Serruya, 2018
65'. DCP. Entrada de balde.

20.30h.
(S8)
Invisible Acts. Homenaxe a Jonas Mekas
68'. 16mm. Entrada de balde.

Xuñ. **11**

18 e 20.30h.
Fóra de serie/Tour D'A
LOVE ME NOT
Lluís Miñarro, 2019
82'. DCP. Subt. Castelán.

Xuñ. **18**

20.30h.
New American Cinema Group
Interview with the Ambassador From Lapland (Adolfas Mekas, 1967)
THE BRIG (Jonas Mekas, 1964)
72'. Vídeo/16mm. Subt. Galego*.

Xuñ. **25**

19.30h.
John Cassavetes
GLORIA (1980)
123'. DCP. Subt. Galego*.



MÉRCORES



Mai. **08**

20.30h.
Vai e vem
MI VIDA ES MI VIDA
Bob Rafelson, 1970
98'. DCP. Subt. Galego*.

Mai. **15**

20.30h.
Mestre Mateo 2019
IDÉNTICAS
Luis Avilés, 2018
65'. HD. Presentación.
Entrada de balde.

Mai. **22**

18 e 20.30h.
Esenciais: James Dean
AL ESTE DEL EDÉN
Elia Kazan, 1955
118'. DCP. Subt. Castelán.

Mai. **29**

18 e 20.30h.
Fóra de serie
TRES CARAS
Jafar Panahi, 2018
100'. DCP. Subt. Castelán.

Xuñ. **05**

19h.
(S8)
Vellos e novos amigos (I)
VV.AA., 2017-2019
62'. Súper 8/HD. Entrada de balde.

21h.
(S8)
ROSS LIPMAN. THE EXPLODING DIGITAL INEVITABLE & CROSS-ROADS
Ross Lipman, 2017 / Bruce Conner, 1976
96'. HD/DCP. Entrada de balde.

Xuñ. **12**

18 e 20.30h.
John Cassavetes
SHADOWS (1958)
81'. DCP. Subt. Castelán.

Xuñ. **19**

19.30h.
John Cassavetes
UNA MUJER BAJO LA INFLUENCIA (1974)
155'. DCP. Subt. Castelán.

Xuñ. **26**

19.30h.
John Cassavetes
OPENING NIGHT (1977)
144'. DCP. Subt. Castelán.



XOVES

Mai. **02**

18 e 20.30h.
Vai e vem
JE, TU, IL, ELLE
Chantal Akerman, 1974
86'. DCP. Subt. Galego*.

Mai. **09**

20.30h.
Vai e vem: Robert Frank
Pull My Daisy (1959)
Conversations in Vermont (1969)
Life Dances On (1980)
84'. 16mm. Subt. Castelán*.

Mai. **16**

18h.
Mestre Mateo 2019
A nena azul (Sandra Sánchez, 2018)
Soy una tumba (Khris Cembe, 2018)
37'. HD. Presentación.
Entrada de balde.

20.30h.
Mestre Mateo 2019
LA SOMBRA DE LA LEY
Dani de la Torre, 2018
126'. DCP. Presentación.
Entrada de balde.

Mai. **23**

19.30h.
Fóra de serie
A PORTUGUESA
Rita Azevedo Gomes, 2018
136'. DCP. Subt. Galego.

Mai. **30**

19.30h.
Esenciais: James Dean
GIGANTE
George Stevens, 1956
200'. DCP. Subt. Castelán.

Xuñ. **06**

18.30h.
(S8)
Programa Bill Brand
69'. 16mm/HD. Entrada de balde.

20.30h.
(S8)
Programa Malcolm Le Grice (I)
70'. 16mm/HD. Entrada de balde.



Xuñ. **13**

19.30h.
John Cassavetes
FACES (1970)
130'. DCP. Subt. Castelán.

Xuñ. **20**

18h.
New American Cinema Group
Bridges-Go-Round (Shirley Clarke, 1958)
GOODBYE IN THE MIRROR (Storm De Hirsch, 1964)
88'. HD/16mm. Subt. Galego*.

20.30h.
John Cassavetes
ASÍ HABLA EL AMOR (1971)
114'. DCP. Subt. Galego*.

Xuñ. **27**

18h.
New American Cinema Group
GOOD TIMES, WONDERFUL TIMES
Lionel Rogosin, 1965
70'. 35mm. Subt. Galego*.

20.30h.
Desencadres: Stan Brakhage #35
I Take These Truths (1994) **We Hold These** (1994) I... (1995)
60'. 16mm.

VENRES

Mai. **03**

18h.
Fóra de serie
AN ELEPHANT SITTING STILL
Hu Bo, 2018
230'. DCP. Subt. Castelán.

Mai. **10**

18h.
Vai e vem
ARREBATO
Iván Zulueta, 1979
105'. HD.

20.30h.
Vai e vem
24 FRAMES
Abbas Kiarostami, 2017
114'. DCP.



Mai. **24**

18 e 20.30h.
Esenciais: James Dean
REBELDE SIN CAUSA
Nicholas Ray, 1955
111'. DCP. Subt. Castelán.

Mai. **31**

20.30h.
Fóra de serie
LA ESTRELLA ERRANTE
Alberto Gracia, 2018
67'. DCP. Presentación: A. Gracia.

Xuñ. **07**

18.30h.
(S8)
Vellos e novos amigos (II)
VV.AA., 2017-2019
62'. 35mm/16mm/DCP/HD. Entrada de balde.

20.30h.
(S8)
Programa Malcolm Le Grice (II)
66'. 16mm/HD. Entrada de balde.



Xuñ. **14**

19.30h.
John Cassavetes
MARIDOS (1970)
131'. DCP. Subt. Galego*.

Xuñ. **21**

18h.
Fóra de serie
SAVING THE DARK
Sriram Murali, 2018
56'. HD. Subt. Castelá. Presentación: Martín Pawley. Entrada de balde.

20.30h.
John Cassavetes
THE KILLING OF A CHINESE BOOKIE (1976)
135'. DCP. Subt. Castelán.

Xuñ. **28**

19.30h.
John Cassavetes
CORRIENTES DE AMOR (1984)
123'. DCP. Subt. Galego*.



SÁBADO

Mai. **04**

18h.
Off Galicia: Ángel Filgueira
EI cuadrado (2018)
SEVILLA Y GOMORRA (2018)
68'. HD. Presentación: A. Filgueira.
Entrada de balde.

Mai. **11**

18h.
CGAI Júnior
MARY POPPINS
Robert Stevenson, 1964
140'. HD. Versión Castelá.
Entrada de balde.
(+6 anos).

Mai. **18**

18h.
Off Galicia: Letras Galegas 2019
O carro e o home (Antonio Román, 1940-1980)
ARRAIANOS (Eloy Enciso, 2012)
82'. 35mm/DCP. Entrada de balde.

Mai. **25**

18h.
Off Galicia
KRISTA CRISTAL
Jesús Sù, 2019
69'. HD. Presentación: J. Sù, Susana de Lorenzo. Entrada de balde.

Xuñ. **01**

18h.
(S8)
Sinais en curto
VV.AA., 2018-19
60'. HD. Entrada de balde.

Xuñ. **08**

18.30h.
(S8)
Carta branca a Mark Toscano
85'. 35mm/16mm/DCP.
Entrada de balde.

20.30h.
(S8)
Nothing Is Something. Gestures from the Lux Collection
74'. 16mm/HD. Entrada de balde.

Xuñ. **15**

18h.
Off Galicia
NOVE DE NOVEMBRO
Álvaro Louzao, 2018
83'. DCP. Presentación: Asociación ORCO – Orgullo Coruña.
Entrada de balde.

Xuñ. **22**

18h.
Pensando en cine, pensando en Galicia
DOENTES
Gustavo Balza, 2011
85'. 35mm. Presentación e coloquio: Antón Reixa e o escritor Camilo Franco. Entrada de balde.

Xuñ. **29**

18h.
Off Galicia
Karáu (Facundo Vallejos Yunes, 2017)
La brecha (Daniel Suárez Rubini, 2016)
28'. HD. Presentación.
Entrada de balde.

Programación 252
maio / xuño 2019

Información xeral
Todos os filmes se proxectan en versión orixinal, agás indicación contraria. A duración dos filmes é orientadora e aproximada. Esta programación pódese ver alterada por razóns alleas á nosa vontade. Unha vez comezada a sesión, non se permitirá a entrada á sala de proxeccións.

As sesións sinaladas con signos de exclamación sofren modificacións respecto dos horarios habituais.

Prezo da entrada
Xeral: 1'20 €
Carné Xove: 0'60 €
Abono de 10 sesións: 9 €
As sesións de entrada gratuíta notificaranse no programa.

A venda de entradas iniciárase 15 minutos antes de comezaren as sesións (non se venden entradas anticipadamente). Só se venderán un máximo de dúas entradas por persoa.

Sala de proxeccións
CGAI. Durán Loriga, 10 baixo,
15003 A Coruña
Tel.: 881 881 270 Fax: 881 881 271
e-mail: cgai@xunta.gal

Subtitulado electrónico: Subtitula'm S.L.

Información adicional sobre ciclos e filmes: <https://cgai.xunta.gal>